



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Economía da Saúde e Xestión Sociosanitaria	Código	653862208	
Titulación	Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria (plan 2012)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Casal Rodríguez, Bruno	Correo electrónico	bruno.casal@udc.es	
Profesorado	Casal Rodríguez, Bruno	Correo electrónico	bruno.casal@udc.es	
Web	www.brunocasalblog.wordpress.com			
Descrición xeral	<p>O obxectivo principal da asignatura é o de aportar os conceptos e as ferramentas básicas para desenvolver avaliacións económicas de tratamentos e tecnoloxías sanitarias. A asignatura introdúcese cun bloque de coñecementos relativos aos fundamentos básicos da economía da saúde como disciplina. A relación entre saúde e economía a través de resultados de saúde, dos determinantes da saúde das poboacións, e dos indicadores económicos ?como o PIB ou o Gasto Sanitario? é outro dos contidos deste primeiro bloque. Un segundo bloque de contidos adícase ao estudo dos custos da enfermidade e das metodoloxías máis utilizadas na actualidade para a súa cuantificación e valoración económica. Nun terceiro bloque introdúcense as medidas de resultado dos tratamentos sanitarios, facendo especial fincapé nas medidas de calidade de vida relacionada coa saúde. O programa da materia remata cun bloque de contidos adicado ao estudo dos métodos de avaliación económica máis utilizados para a toma de decisións de financiación, e para o establecemento de prioridades entre alternativas terapéuticas.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Capacidade para o deseño experimental e o completo desenvolvemento de proxectos de investigación no ámbito sanitario, desde a formulación da hipótese de investigación ata a comunicación dos resultados.
B2	Fluidez e propiedade na comunicación científica oral e escrita.
B3	Compromiso pola calidade do desenvolvemento da actividade investigadora.
B4	Capacidade de análise e de síntese.
B5	Habilidade para manexar distintas fontes de información.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer os conceptos básicos da análise económica aplicada ao campo da saúde nos niveis micro e macroeconómico.	AI2	BM2 BM5	CM4 CM5
Búsqueda, análise, interpretación, síntese e transmisión de información sobre resultados de saúde, recursos sanitarios, e diferentes tipos de variables económicas.	AI2	BM2 BM3 BM4 BM5	CM4
Deseño e desenvolvemento dun estudo de avaliación económica (de medicamentos, tecnoloxías médicas ou programas de saúde).	AI2	BM3 BM4 BM5	CM4



Recoñecer os criterios para a toma de decisións no sector da saúde, así como a presentación, o uso e a aplicación efectiva dos resultados dunha avaliación económica.	AI2	BM2 BM4	CM4
---	-----	------------	-----

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE 1: Introducción á economía da saúde como disciplina	1.1. A economía aplicada ao campo da saúde 1.2. Producción de saúde e análise do gasto sanitario
BLOQUE 2: Análise de custos no sector da saúde	2.1. Metodoloxía básica e fases de estimación 2.2. Valoración dos custos tanxibles 2.3. Valoración dos custos intanxibles
BLOQUE 3: Medición e valoración das gañancias de saúde	3.1. Introducción ás medidas de resultado clínico e de calidade de vida 3.2. Medidas xenéricas de gañancias de saúde: Os AVACs 3.3. Preferencias e estados de saúde: conceptos, métodos e instrumentos
BLOQUE 4: A avaliación económica no campo da saúde	4.1. Principios básicos da avaliación económica 4.2. A análise custo-efectividade 4.3. A análise custo-beneficio 4.4. A análise custo-utilidade 4.5. Presentación e uso de resultados

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 B2 B3 B4 B5 C4 C5	4	15	19
Sesión maxistral	A2 B2 B4 B5	20	30	50
Proba obxectiva	B2 B4 B5	1	0	1
Discusión dirixida	B2 B3 B4 C4	1.5	1.5	3
Proba de resposta múltiple	A2 B2 B3 B4 B5 C4 C5	1	0	1
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Realización de 3 ensaios aplicados en formato de "Letter" (máximo de 5 follas) sobre contidos da asignatura. Os ensaios poderán tratarse de comentarios críticos sobre artigos científicos do campo da economía e a saúde, ou aplicacións prácticas das metodoloxías de avaliación expostas na clase maxistral.
Sesión maxistral	Exposición dos materiais didácticos e resolución de dúbidas
Proba obxectiva	Proba consistente en preguntas de desenvolvemento medio sobre os contidos da asignatura.
Discusión dirixida	Discusión e debate sobre aspectos marcados nos materiais como "Tema a Debate". Estableceranse grupos de discusión que defenderan perspectivas distintas sobre a temática a tratar.
Proba de resposta múltiple	Proba tipo test de resposta múltiple sobre os contidos da materia expostos no aula

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Sesión maxistral	Resolución de dúbidas e orientación ó estudo. Seguimento e supervisión na realización de traballos



Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Proba de resposta múltiple	A2 B2 B3 B4 B5 C4 C5	Test de 14 preguntas de resposta múltiple sobre os contidos da asignatura expostos na aula. Os erros non penalizan a calificación.	20
Traballos tutelados	A2 B2 B3 B4 B5 C4 C5	Avaliación dos traballos dacordo ao seguemento das normas básicas do método científico. Valorarase que os traballos presenten a estrutura exposta na clase, e respondan ás hipóteses de investigación plantexadas na aula. Valorarase que os traballos presenten propostas e recomendacións de políticas públicas. Os traballos poderánse facer en grupo e serán expostos nunha sesión final ao remate do periodo de clases expositivas.	60
Proba obxectiva	B2 B4 B5	Resposta a dúas preguntas de desenvolvemento sobre o temario da materia. Unha das preguntas da proba obxectiva poderá consistir na realización dun exercicio práctico de avaliación económica.	20

Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario acadar un mínimo de 50/100 puntos. Poderá acumularse a cualificación entre probas, non sendo necesario acadar un mínimo en cada una das metodoloxías suxeitas a avaliación. As metodoloxías de avaliación e os requisitos mínimos para superar a materia serán esixibles para as dúas convocatorias oficiais.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Rodríguez, Eva; Rivera, Berta y Casal, Bruno (2018). El coste social de la adicción: una guía para su estimación. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad - Glied, Sherry y Smith, Peter (2013). The Oxford Handbook of Health Economics. Oxford University Press - Drummond, Michael; Sculpher, Mark; Claxton, Karl; Stoddart, Greg y Torrance, George (2015). Methods for the economic evaluation of health care programmes. Oxford University Press - Pinto, Jose Luis y Sánchez, Fernando (2003). Métodos para la evaluación económica de nuevas prestaciones. Centre de Recerca en Economia i Salut ? Cres y Ministerio de Sanidad y Consumo - Komlos, John y Kelly, Inas (2016). The Oxford Handbook of Economics and Human Biology. Oxford University Press - Culyer, Anthony y Newhouse, Joseph (2000). Handbook of health economics. Elsevier Gisbert i Gelonch R. (2002). Economía y Salud . Masson, Barcelona Material docente proporcionado por el profesor Instituto de estudios fiscales (2005). Informe para el análisis del gasto sanitario, . Madrid
Bibliografía complementaria	- OCDE (2017). Health at a Glance 2017: OECD Indicators. OCDE

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Como requisito previo para poder cursar a asignatura estimase necesario ter un coñecemento mínimo sobre o método científico e a redacción de documentos de investigación, así como o manexo a nivel usuario da folla de cálculo Excel. Nalgunha clase práctica é posible que se necesite traballar con algún paquete estatístico, como o SPSS oo o GRETL. É recomendable un nivel mínimo de inglés para a lectura e interpretación de textos científicos nesta lingua.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías